

UN HOME CHAMADO OVE

[Hannes Holm, 2016]

213

ESTREA EN NUMAX: 24.03.2017 | V.O.S.E. | +7

En man som heter Ove (2016, 116')

Dirección: Hannes Holm

Guión: Hannes Holm (Novela: Fredrik Backman)

Elenco: Rolf Lassgård, Bahar Pars, Filip Berg, Ida Engvoll

Son: Henric Andersson, sound Daniel Angyal, Fredrik Dalenfjäll

Vestuario: Camilla Olai Lindblom

Montaxe: Fredrik Morheden

Fotografía: Göran Hallberg

Música: Gaute Storaas

Produtora: Film i Väst, Nordisk Film, Nordsvensk Filmunderhallning, Sveriges Television (SVT), Tre Vänner Produktion AB (Suecia)

Distribuidora: Emon

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Sueco

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Los Anersson Road Movie, 2013

Los Andersson en Grecia, 2012

Behind Blue Skies, 2010

Wonderful and Loved by All, 2007

Nunca ocurre lo que uno espera, 2000

Eva y Adán, 1997

One in a Million, 1995

SINOPSE

Ove non é o típico veciño co que che apetece cruzarte no barrio. É un sesentón rosmón, solitario e resentido co mundo, un home que foi deposto como presidente da asociación de veciños. Pero cando Parvaneh, unha muller inmigrante, se muda xunto á súa familia preto, fórxase unha inesperada amizade que cambiará a vida de Ove. E, a medida que el cambia, tamén o farán as personas ao seu redor, que empezan a comprender que o seu barrio non sería o mesmo sen o rosmón de Ove.

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2017 (nomeado a mellor filme de fala non inglesa e maquillaxe), Premios do Cinema Europeo 2016 (mellor comedia), Guldbagge 2016 (Premio do público, mellor maquillaxe e mellor actor —Rolf Lassgård—), Seattle 2016 (mellor actor —Rolf Lassgård—)

«Un éxito emocionante e morbosamente divertido»

ROGEREBERT.COM



UN HOME CHAMADO OVE

[Hannes Holm, 2016]

“Ove era como un home da idade de pedra ao enfrontarse cos seus sentimentos”

Entrevista a Hannes Holm

Por Patrick McDonald

Boa parte da túa filmografía fala de vidas ordinarias postas en circunstancias novas que escapan ao seu control. Que elemento da novela de Fredrik Backman encaixa na túa filosofía narrativa? No meu primeiro encontro para decidir se dirixía o filme, dixeron, «a historia vai dun vello rosmón que coñece unha inmigrante verdade?» Cando mo confirmaron dixeron que non estaba interesado nesa historia e ao tratarse dun *best seller* considerei estúpido traballar cun material así neste intre da miña carreira. Porén, cando lin a novela emocionoume profundamente e atopei elementos que realmente me podían interesar. O vello rosmón é un arquetipo mais nesta historia podíamos entrar no seu cerebro e investigar de onde viña o seu desagrado. E pouco a pouco comecei a interesarme neste proxecto.

Que elemento en concreto foi o que te atrapou? É estraño mais cando estaba a ler o libro a miña mente comezou a viaxar á miña infancia. Vinme como un rapaz nun día chuvioso movéndome a través dos álbums vellos de meus pais. Iso remitíume á súa vida antes de verme a min e aos meus irmáns, namorados, mais o seu pasado ficaba en silencio nesas fotos velhas. Os flashbacks do libro axudáronme a poñerlle sons e letras a ese silencio.

Un dos lemas do filme é: a vida é aquilo que ocorre mentres facemos outros plans. O caso é que na vida de Ove non había nada importante antes de coñecer á súa muller, Sonja, e non hai nada logo da súa morte. Ese é o conflito ao que se enfronta, o amor remata sendo destrutivo para el. O amor convértese en algo excesivo que fai que Ove non sexa quen de lidar coa soidade. Cando inesperadamente coñece a súa veciña iraniana, ela ensínalle a recobrar un certo equilibrio, mesmo cando el estaba a facer outros plans.

Ove medra nunha contorna doméstica carente de emocións, sen unha nai. Cres que isto afecta a súa actitude ante o mundo xa de vello? En Suecia temos o que se coñece como *enfermidade fina*. Consiste en non falar moito ou mesmo en non falar nada. Está claro que o pai de Ove adoecía disto e é todo o que lle quedou de pequeno ao morrer a súa nai. Era como un home da idade de pedra á hora de enfrontarse aos seus propios sentimentos. A súa muller Sonja fíxolle saír da súa cuncha emocional mais á súa morte volveu ao punto de partida.

Unha das teimas de Ove é facer as cousas á perfección nun mundo totalmente imperfecto. Realmente estou impresionado coa xente que pensa coma el que ten unha maneira propia de facer as cousas. É por iso que a novela se converteu nun clásico. Na vida as ideas e os pensamentos novos adoitan chocar coa vella orde das cousas. Cando a muller inmigrante entra na vida de Ove son dous mundos afastados os que colisionan. Por exemplo ela lévalle comida a Ove, algo que endexamais se fai en Suecia. Para min era importante subliñar este conflito.

Por que te decantaches por Rolf Lassgård para facer de Ove e que elementos extra lle engadiu ao personaxe? Eu comecei na comedia televisiva nos anos 80 e logo comecei a facer filmes. Acotío boto man do humor como unha ferramenta de escritura, ás veces funciona e ás veces non dá para máis dunha liña. Porén, Rolf é un actor dramático, unha das lendas do cinema sueco, e non tiña nin idea de como encaixalo no tipo de comedia que eu quería facer.

Cando o trouxen pensei que el me podía axudar a escribir diálogos menos divertidos namentres eu lle podía axudar a ser menos dramático. Procuramos un certo equilibrio. Lembro que el estaba nervioso á hora de gravar unha escena na que lía un libro a uns rapaces. Pregunteille, «pero se ti tes tres fillos, por que che resulta tan complicado?» Mais logo souben o por que: a escena era divertida. Tivo que saír da súa zona de confort. Así foi como nos axudamos mutuamente.

Publicado en www.hollywoodchicago.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME